

Acta de reunión

Órgano convocado	Equipo Docente 2º DESEAMO. GRUPO A						
Lugar de reunión	Aula Laboratorio. Departamento de madeira.			Ordinaria	X	Extraordinaria	Urxente
Nº de reunión	1	Data	25/09/18	Hora inicio	11:30	Hora remate	12:00
Moderador/a	Juan Carlos Garrido Alvarez						
Secretario/a							
Propósito	1ª Reunión Equipo Docente CSMAN01-2º DESEAMO. GRUPO A						
Asistentes	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Del Valle Couto José Manuel ▪ Garrido Alvarez Juan Carlos ▪ Iglesias Torres Carmen ▪ Tomé Castro Javier 						

Temas tratados

- 1 Composición do Equipo Docente.
- 2 Calendario de reunións para o curso 2018_19.
- 3 Coordinación para a elaboración das programacións.
- 4 Programación ACF.
- 5 Acordo motivos de Xustificación de faltas de asistencia do alumnado.
- 6 Rogos e Preguntas.

Acordos

- 1 **O Equipo Docente de 2º Curso do Ciclo Superior de Deseño e Amoblamento, queda composto polos seguintes membros que imparten os módulos así distribuídos:**
 - Del Valle Couto José Manuel,
Instalacións de carpintaría e moblaxe..
 - Garrido Alvarez Juan Carlos,
Deseño de carpintaría e moble.
Desenvolvemento de produto en carpintaría e moble.
 - Iglesias Torres Carmen,
Empresa e Iniciativa Emprendedora.
 - Tomé Javier,
Prototipos en carpintaría e moble.

2 Calendario de reunións para o curso 2018_19.

Establécese facer coincidir as reunións do Equipo Docente coas reunións de avaliación de cada trimestre e levantar acta de ámbalas dúas (a de avaliación no modelo de XADE e a de equipo docente no de Calidade), no resto dos meses que non hai reunión de avaliación, as reunións ordinarias do Equipo Docente celebraranse o derradeiro venres lectivo de cada mes en horario de 11:30 a 12:00.

3 Coordinación para a elaboración das programacións.

As programacións serán elaboradas a través da aplicación informática a disposición na páxina www.edu.xunta.es/programacions/ , e seguirán os criterios de homoxenización establecidos polo Departamento.

4 Programación ACF.

Programaranse para realizar en conxunto co resto dos Equipos Docentes do Departamento, as propostas en reunión previa do Departamento, unha vez confirmadas establecerase un planning para o seu seguemento; nostante durante o curso poderanse propoñer ACF non programadas previamente.

A profesora Carmen Iglesias, indica que o Departamento de FOL ten un programa de ACF propias e que serán comunicadas os Departamentos correspondentes.

5 Acordo motivos de Xustificación de faltas de asistencia do alumnado .

A efectos da perda do dereito a avaliación continua considéranse faltas xustificadas as seguintes:

- Exames convocados por organismos oficiais (carnet de conducir, escola de idiomas, facultade,...)
- Obrigas de carácter persoalísimo: asistencia como testigo a un xuízo ou como parte.
- Enfermidade ou accidente: citas médicas, baixas e hospitalización.
- Enfermidade grave (enténdese a que conleva hospitalización) ou falecemento de cónxuxe e familiares ata segundo grao de consanguinidade (pais/nais, irmáns, fillos, avós/ás).

No caso do cónxuxe ou familiares de primeiro grao, entenderáanse xustificadas as faltas de asistencia producidas nos 3 días lectivos seguintes ao ingreso ou falecemento, no caso de residir na mesma localidade, e 5 días lectivos si o familiar residira fora da localidade.

No caso de familiares de segundo grao entenderáanse xustificadas as faltas nos 2 ou 3 días lectivos, no caso de residir na mesma ou distinta localidade, respectivamente. Estas faltas só se considerarán debidamente xustificadas si son acreditadas documentalmente a través de certificación médica, certificación do Xuzgado, do órgano avaliador, etc.

O alumno/a dispón de unha semana desde que se incorpore para entregar ao seu titor os xustificantes.

Acordase tamén que se o alumnado solicita a xustificación da faltas por motivos laborais, se xustificara como máximo un 5 % das horas totais dos módulos a os que falte a o longo de todo o curso, unha vez revisada a documentación polo equipo docente. Deberá presentar a seguinte documentación:

- Contrato orixinal de traballo.
- Documento acreditativo da empresa donde especifique o motivo da ausencia.

Exercicio do dereito de reunión do alumnado: Sempre e cando sexa declarada conforme aos requisitos de tempo e forma establecidos no NOF. As faltas do alumnado por este motivo calificaranse como xustificadas.

Expulsións: Dado a obrigatoriedade de non asistencia do alumno expulsado, estas faltas consideraranse tamén como xustificadas.

Faltas de puntualidade.

- O centro establece 10 minutos de cortesía, para entrar as aulas en inicio de xornada léctiva, polo que apartires deste tempo e ata 20 minutos do comenzo da clase consideranse faltas de puntualidade.
- Acordase que 4 faltas de puntualidade equivale a unha falta de asistencia.

O titor será o encargado de recoller os xustificantes orixinais de faltas entregados polo alumnado, pero previamente deberán entregar unha copia, o mostrar no seu defecto o orixinal, a todo o profesorado dos módulos os que o alumno faltou, para poder ter constancia das posibles xustificacións, periodicamente o profesorado informará o titor das posibles incidencias por faltas de asistencia e o titor cotexará as faltas para levar a cabo as accións oportunas.

6 Rogos e Preguntas.

A profesora Carmen Iglesias, pregunta se é posible empregar unha aula teórica do Departamento de madeira para impartir as clases do módulo FOL, e dese xeito non ter que desprazarse os alumnos de un edificio a outro. Comprobase que tódalas aulas están ocupadas na mesma franxa horaria por módulos de outros grupos, polo que xa non se desestima tramitar a súa petición o Departamento de Madeira.

Anexos

Nón se aportán anexos.

Visto e prace moderador



Juan Carlos Garrido Alvarez

O secretario



Juan Carlos Garrido Alvarez